Atopamos a fórmula!!
Reducir, Reutilizar, Reciclar
3R= Un Futuro Mellor
SOGAMA
SOCIEDADE GALEGA DO MEDIO AMBIENTE
XUNTA DE GALICIA

ÍNDICE

Introdución.....3

Preguntas con respostas.....4

Os tres erres, unha filosofía de vida.....8

Reducir.....10

Reutilizar.....12

Reciclar.....14

Colector Amarelo.....16

Colector Azul.....17

Colector Xenérico.....18

Iglú Verde/Punto Limpo/Pilas.....19

Compostaxe doméstica.....20

Conseguímolo entre todos.....22

Na rede

www.sogama.es

www.facebook.com/educacionambientalsogama

www.twitter.com/EASogama

Introdución

Porque a problemática dos residuos aféctanos a todos sen excepción, e todos, tamén sen excepción, debemos contribuír a solventala como xeradores de lixo que somos.
Diminuíndo a produción, dando novos usos aos produtos que empregamos na nosa vida cotiá e separándoos por tipoloxías para propiciar á súa reciclaxe, seremos quen de xestionar os nosos refugallos dun xeito más sostible e respectuoso coa nosa contorna e a saúde pública.
Sogama non escatima esforzos en levar a cabo cantas campañas educativas sexan precisas para informar e formar á poboación galega na materia, pero de ningún xeito pode substituír o labor individual e colectivo dos cidadáns, sendo a achega destes absolutamente necesaria para poñer en valor os nosos desperdicios.
O lixo constitúe, moi probablemente, o maior desafío ambiental ao que deben facer fronte as sociedades modernas.
É posible convertelo nunha oportunidade para o crecemento, o benestar, a calidade de vida e o desenvolvemento sostible.
A clave reside na responsabilidade e na colaboración.

SOGAMA

PREGUNTAS CON RESPOSTA

Que é un residuo?

Consideramos residuo a todo aquel obxecto ou substancia da que queremos, ou temos, que desprendernos.
No noso idioma temos outros vocábulos: lixo, desperdicio...
Mais hai un que o define dunha maneira ben nidia: refugallo.
É dicir: aquilo do que refugamos porque consideramos que xa non nos é de utilidade.

Cales son os residuos urbanos?

Son os que xeramos nas nosas casas, comercios ou oficinas. Tamén teñen esa consideración aqueles que non sexan cualificados como perigosos e que pola súa natureza son asimilables aos que se producen nos domicilios ou locais comerciais.
Dentro dos residuos urbanos distinguimos dous grupos: orgánicos e inorgánicos.

Cales son os residuos urbanos orgánicos?

O chamado lixo orgánico ou biodegradable é o que ten a capacidade de descompoñerse dun xeito natural e rápido. A propia natureza, a través de organismos vivos como miñocas, fungos ou bacterias, facilita a desaparición dos residuos. Un exemplo é a comida que tiramos ao lixo.

Que son os residuos inorgánicos?

Os inorgánicos ou non biodegradables son aqueles que teñen unhas características químicas que impiden a súa descomposición ou que esta é extraordinariamente lenta (metais, plástico, vidro...). Se unha peza de froita tarda semanas en se descompoñer, unha lata de refresco inviste ata 15 anos nese proceso.

Por que a xestión dos residuos é un problema de primeira orde?

No último século o problema fíxose xigantesco e, ademais dun risco sanitario, tamén o é ambiental. Arredor do petróleo, as nosas sociedades viviron un desenvolvemento sen precedentes. O consumo de bens disparouse: calcúlase que só en 50 anos se produciu máis refugallo que na historia da humanidade.

Como é a situación en Galicia?

Galicia levou un camiño semellante ao do resto das sociedades desenvolvidas. Na actualidade calcúlase que cada galego xera 1,05 quilos de residuos ao día. Isto significa que a nosa comunidade autónoma produce arredor de 1,05 millóns de toneladas de residuos urbanos ao ano.

QUÉ É SOGAMA?

Que avances houbo na forma de xestionar os residuos en Galicia?

Hai un dato ben significativo: a principios dos 90 en Galicia existían 300 vertedoiros municipais que non se adaptaban á normativa ambiental europea.
A isto había que sumar 3.000 puntos de vertido ilegal, moitos deles en espazos ambientais especialmente sensibles.
A día de hoxe, todos os vertedoiros municipais foron clausurados pola Xunta de Galicia.

Aínda así, queda moito por facer, pero a sociedade é máis consciente do problema dos residuos e demanda solucións respectuosas co medio ambiente.

**A Sociedade Galega do Medio Ambiente é unha empresa pública creada en 1992 e que ten como accionista maioritaria á Xunta de Galicia.
A súa misión é a xestión e tratamento dos residuos urbanos que se producen na meirande parte dos concellos da nosa comunidade autónoma.
Sogama é a encargada de xestionar máis do 80% do lixo urbano que se produce en Galicia.**

Cara a onde debemos ir?

Se os residuos son un problema social, a solución pasa pola acción da propia sociedade.
O cambio comeza a nivel individual e na nosa contorna máis inmediata:

Sensibilizarnos e sensibilizar aos máis próximos de que este cambio é posible .

OS TRES ERRES

unha filosofía para a vida

Gobernos, organizacións ecoloxistas e expertos de todo o mundo chegaron hai tempo a un gran consenso: a chamada filosofía dos 'tres erres' é a chave para mudar radicalmente a situación. Reducir, Reutilizar e Reciclar, por esta orde, é a máxima que debemos incorporar ao noso día a día para propiciar un gran cambio.

Reducir...

Compremos o que necesitemos para a nosa vida e non necesitemos comprar só para ter vida.
O mellor residuo é o que non chega a producirse. É ben importante comprar aquilo que realmente precisamos, escoller produtos locais e ter en conta como están embalados.
Converterse en consumidores responsables, ademais dun aforro notable, é o mellor xeito de reducir o lixo, o gasto de enerxía e, á suma, a contaminación.

Cinco maneiras de reducir no día a día:

Planifica as túas compras: fai unha listaxe. Axudarache a saber o que realmente necesitas, evitarás mercar produtos aos que non lle vaias dar uso e aforrarás diñeiro.

Escolle os produtos que teñan menos embalaxes.
O envoltorio a miúdo encarece o produto e xera un residuo innecesario.

Ten en conta que os produtos de usar e tirar (coitelas de afeitar, pratos de plástico...) poden parecer cómodos pero xeran un gran volume de residuos e máis gasto para os nosos petos.

Cando vaias á compra non esquezas o teu carriño ou a saca.
Rexeita as bolsas dun só uso.

Reduce o papel que chega á túa caixa de correos. Con moitas empresas podes prescindir da información e das facturas en papel. Pídellas en formato dixital.

Reutilizar...

Darlle novos usos aos produtos evita que se convertan en refugallo. A gran maioría dos bens que temos poden ter máis dunha vida útil.

O consumo compulsivo fai que a miúdo non nos decatemos da utilidade de produtos que consideramos inservibles antes de tempo.
Estamos instalados na cultura do usar e tirar onde moitos obxectos semellan ter unha vida fugaz.

Cinco xeitos de reutilizar na nosa vida cotián:

As botellas grandes de refresco poden empregarse como botellas de auga.

Os vasos de plástico dalgúns produtos pódense converter en vasos para o noso uso diario.

Fronte aos envases plásticos e briks é preferible mercar bebidas en envases de vidro que se poden recuperar numerosas veces.

Na casa temos a miúdo roupa, xoguetes ou outros produtos en bo estado que xa non queremos. Doalos á xente que os precisa é un magnífico xeito de darlles nova vida.

Coa roupa que está xa gastada podemos facer trapos para a limpeza da casa.

Reciclar....

Cando o refugallo é xa inevitable aínda temos unha última oportunidade: rescatar todo o posible o que xa non serve para convertelo nun produto novo.
Temos que ter en conta que non todos os residuos son iguais. Segundo a súa composición teñen que ter un tratamento diferenciado que posibilite recuperar a materia prima para darlle vida a novos obxectos.

A separación en orixe, a mellor garantía da boa reciclaxe

Para unha reciclaxe efectiva do lixo é indispensable unha boa recollida selectiva e, por engadido, unha boa separación en orixe.
Sogama aposta por este modelo.

Aquí o papel do cidadán é nuclear. O éxito da recollida selectiva depende de que fagamos unha boa separación do lixo e que depositemos o mesmo no colector correcto.

Colector Amarelo

O recipiente desta cor está pensado para acoller envases de plástico, latas e briks.

O que SI podemos botar:

Botellas de plástico destinadas a albergar líquidos (aceites vexetais, refrescos, augas minerais, leite).

Botes de plástico groso que conteñan produtos de aseo ou limpeza (xel de baño, xampú, lavalouzas, suavizante, etc).

Latas de bebidas e de conservas.

Briks de leite, viño ou zumes de froitas.

Bandexas de porexpán ou cortiza branca.

Redes de envoltorios de froitas ou verduras.

Plásticos filme: bolsas finas, plástico para envolver.

Envases mixtos distintos aos briks tales como bolsas de aperitivos, envases de bolería industrial…

* É importante lembrar que NON se deben depositar neste colector residuos de plástico que non sexan envases (xoguetes, cepillos de dentes, rotuladores, cables eléctricos...).
Tampouco CDs e DVDs

Colector Azul

Con esta cor diferéncianse os colectores onde se debe depositar o papel e o cartón.

Aquí SI deben ir:

Xornais e revistas.

Cadernos (sen argolas, grampas nin arames).

Papel de envolver.

Caixas de cartón.

Cartóns de ovos.

Acolchado de embalaxes (cando sexa de papel ou cartón).

Libros.

* É moi importante lembrar que os papeis de calco, os cartóns de leite, de zume e viño, así como o papel e cartón con restos de graxa NON deben depositarse neste colector, xa que dificultan unha posterior reciclaxe.

Colector Xenérico

Neste recipiente é onde debemos botar os residuos orgánicos e os que non son reciclables.

Algúns exemplos de refugallo que SI debe ir:

Restos de comida.

Cueiros e compresas.

Panos de mesa e servilleta de papel usados

Roupa deteriorada (lembra que nalgúns casos podes reutilizala como trapo de cociña)

Colector Iglú verde

Tamén é coñecido como o colector de Vidro, xa que nel se depositan os envases deste material.

* É preciso que lembremos que non debemos botar tapas, tapóns ou cortizas. Tampouco é o lugar para vidros especiais, como poden ser as pantallas de televisión, as lámpadas ou os espellos.

Minicolector de pilas

Os minicolectores de pilas están pensados para recoller estes produtos altamente contaminantes e que deben evitar mesturarse con outros refugallos. Están situados en centros escolares, consistorios, asociacións, establecementos comerciais, etc.

Punto Limpo

Este é o lugar indicado para que poidamos desprendernos de determinados residuos domésticos especiais:
tóxicos (fluorescentes, vernices, envases de insecticidas ...); voluminosos (mobles, colchóns, ...); residuos de liña branca (lavadoras, frigoríficos, ...) e de liña marrón (televisores, ordenadores), así como residuos de pequenas obras en domicilios.

Compostaxe doméstica

A compostaxe doméstica é a conversión do refugallo orgánica en excelente abono natural. Se a túa é unha vivenda unifamiliar este pode ser un magnífico xeito de darlle saída ecolóxica e rendible a boa parte do lixo doméstico.

Como facer compost?

O composteiro debe estar en contacto directo coa terra. É preferible colocalo en zonas sombrizas, que estean protexidas de cambios bruscos de temperatura e humidade.

No fondo do composteiro debemos formar unha capa con restos de podas (arredor de 10-15 cm de altura) para favorecer a aireación e drenaxe do lixo acumulado. A continuación imos engadindo os restos orgánicos da cociña e ímolos alternando con capas de restos de poda para evitar cheiros e mellorar a calidade do abono final.

Que podemos empregar para a compostaxe?

Restos de comida: froitas e verduras; casca de ovo; arroces e pasta cocida; pan. Pousos de café, té e infusións.
Cinzas e serraduras de madeira non tratada. Papel, cartón, xornais.
Restos de poda, raíces, follas, céspede e material do xardín esmiuzados.
Restos de colleita da horta, sen pesticidas ou fitosanitarios.
Esterco de animais herbívoros. Pó e peluxe do aspirador e fibras naturais.

Que debemos evitar?

Aceites vexetais e minerais. Restos de plantas enfermas ou con pesticidas, insecticidas, etc. Madeira tratada con pinturas ou vernices.
Produtos lácteos. Peixe ou carne. Follas de piñeiro ou eucalipto.
Excrementos humanos ou de animais domésticos carnívoros.
Medicamentos. Cueiros desbotables. Papel de cor brillante, impreso con tinta de cor ou plastificado. Obxectos duros, pedras, vidro, metal, plástico, tetrabrik, baterías...

O QUE CONSEGUIMOS

Entre todos e todas

- Cada vez que reciclamos unha botella de vidro estamos aforrando enerxía abondo para acender durante catro horas un farol de 100 watios.
- En 2007 só en Galicia consumiamos 800 millóns de bolsas dun só uso (300 por persoa). Estímase que en 2013 esta cifra se reduciu a menos da metade.
- Un cueiro tarda ata 500 anos en se desintegrar. Se tedes un bebé apostade polos reutilizables, só en dous anos evitarás gastar 4.000 cueiros.
- Cada vez que se recicla unha tonelada de papel evitamos que se gasten 20.000 litros de auga e que se corten medio cento de árbores.
- Galicia ten unha porcentaxe de lixo reciclado inferior á media europea. O obxectivo para 2020 é que esa cifra chegue ao 30% e inverter a situación.
- Dende a educación infantil os máis cativos xa se familiarizan cos tres erres. Non esquezas que ti es o seu referente máis importante. Cambia canda eles!

Reducir
Reutilizar
Reciclar
SOGAMA
SOCIEDADE GALEGA DO MEDIO AMBIENTE
XUNTA DE GALICIA